

REGULAMENTO DO TRABALLO FIN DE GRAO EN FÍSICA E DO TRABALLO FIN DE MÁSTER EN FÍSICA POLA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

(Aprobado pola Xunta de Facultade con data 27-11-2017, pola Comisión Académica do Máster en Física con data 03-10-2017 e pola Comisión do Grao en Física con data 13-06-2017.)

(Memoria do Grao en Física, Memoria do Máster en Física , Normativa de matrícula, elaboración e defensa dos traballos de fin de grao e fin de máster na Universidade de Santiago de Compostela, aprobada polo Consello de Goberno de 10-03-2016)

Nos plans de estudos do Grao en Física e da USC esíxese a realización dun Traballo de Fin de Grao (TFG) para a obtención do Grao en Física. O TFG ten asignados 6 créditos ECTS obrigatorios.

No plan de estudos do Máster en Física da USC esíxese a realización dun Traballo de Fin de Máster (TFM) para a obtención do título de Máster en Física. O TFM ten asignados 12 créditos ECTS obrigatorios.

A Facultade de Física desenvolverán a normativa que os regule e será aprobada pola Xunta de Facultade, a Comisión Académica do Máster e polo Consello de Goberno, previo informe da Asesoría Xurídica.

Capítulo 1. Consideracións xerais

Artigo 1. Traballo de Fin de Grao e Traballo de Fin de Máster no Plan de Estudos.

1.1 O TFG/TFM é un traballo persoal do alumno coa asignación de créditos ECTS recollida nos respectivos plans de estudos, que deberán ser defendidos nos termos previstos no presente regulamento unha vez superados tódolos créditos conducentes á obtención do Grao en Física/Máster en Física.

1.2 A elaboración e defensa dos TFG/TFM regulado no presente regulamento dará acceso á obtención do Grao en Física/Máster en Física, cumpridos tódolos requisitos e prazos establecidos pola lexislación vixente.

Artigo 2. Contido do TFG e TFM

O TFG/TFM consistirá na elaboración por parte do alumno dun traballo orixinal onde se acrediten os coñecementos e destrezas adquiridas durante os estudos realizados na titulación de Grao en Física/Máster en Física. Incluirá, como mínimo, tarefas de busca e revisión bibliográfica, lectura e integración de información, elaboración de información relevante, redacción e presentación e defensa. Poderá consistir nun estudio de carácter teórico, nun cálculo ou resolución dun problema, na

descrición ou deseño dun experimento ou práctica de laboratorio, nun proceso de análise de datos ou estatística, no desenvolvemento dun programa informático ou simulación, etc.

Artigo 3. Autoría.

Cada TFG/TFM suporá a realización por parte de cada estudante, de xeito individual, dunha memoria ou estudo orixinal baixo a supervisión dun ou máis titores académicos.

Artigo 4. Comisión e coordinador do Traballo Fin de Grao/Traballo Fin de Máster

4.1 A Comisión do Traballo de Fin de Grao en Física (CTFG)/Comisión Académica do Máster é a encargada de velar polo cumprimento da normativa desenvolvida neste regulamento, así como de interpretala ou resolver situacións non previstas se fora o caso. As súas funcións son as que se determinan na normativa de Traballos de fin de Grao e fin de Máster da USC aprobada polo Consello de Goberno con data do 10 de marzo de 2016, entre as que se atopan: aprobar a proposta das liñas temáticas, dos temas e a súa asignación, instrumentar e publicar un procedemento para a asignación dos titores, decidir sobre a modificación de temas e/ou titor asignado, fixar as características dos traballos, aprobar os tribunais de avaliación, autorizar a presentación dos TFG/TFM en casos excepcionais e establecer as datas de presentación dos Traballos.

4.2. A Xunta de Facultade/Comisión Académica nomeará un coordinador ou coordinadora para a materia Traballo de Fin de Grao/Traballo Fin de Máster.

Capítulo 2. Matrícula e presentación

Artigo 5. Requisitos de matrícula.

5.1 Poderán matricularse para a realización dun TFG os alumnos do Grao en Física aos que lles resten como máximo 75 créditos para completar os estudos, excluídos os correspondentes ao TFG.

5.2 O alumnado de intercambio poderá matricularse desta materia. O seu réxime será o establecido no Regulamento de Intercambio de Estudantes da USC.

Artigo 6. Prazos de matrícula.

A matrícula realizarase nos prazos establecidos para a matrícula ordinaria, conxuntamente coas materias que se teñan pendentes de superar para completar os estudos do Grao/Máster.

Artigo 7. Convocatorias.

7.1 O número máximo de convocatorias que poderá consumir o alumnado será de catro, a razón dunha por ano, e poderá contar con dúas oportunidades por curso académico. No caso de obter non presentado en todas as oportunidades, considerarase consumida a convocatoria.

7.2 No caso de que o alumno non concorra a ningunha das oportunidades da convocatoria para a presentación do traballo no curso no que estea matriculado ou non obteña avaliación positiva, deberá formalizar unha nova matrícula e aboar os prezos correspondentes aos créditos nos cursos académicos seguintes.

Artigo 8. Períodos de presentación.

A Xunta de Facultade de Física aprobará e publicará os períodos de presentación do TFG/TFM xunto coa convocatoria de exames de cada curso académico, de acordo co calendario académico anual.

Artigo 9. Requisitos para a presentación e defensa.

Para a presentación e defensa pública do TFG/TFM será requisito necesario ter superados todos os demais créditos conducentes á obtención do título de Grao. A CTFG/CA deberá verificar que se cumpren estes requisitos para autorizar a súa presentación. Para estes efectos, no caso de que na data de presentación e defensa aínda non se recepcionarán todas as actas de exame das materias do Grao en Física/Máster en Física, a Secretaría da Facultade solicitará do profesorado encargado das materias que se informe sobre as cualificacións do alumnado que vaia presentar os traballos na mesma convocatoria. En ningún caso procederá a cualificación do TFG/TFM en tanto existan materias pendentes de cualificación.

Capítulo 3. Titorización dos TFG/TFM

Artigo 10. Titor do TFG/TFM.

Os TFG/TFM deberán ter un titor que será ordinariamente un membro do PDI das áreas que impartan docencia na propia titulación.

Artigo 11. Cotitor do TFG/TFM.

11.1 Excepcionalmente e por razóns xustificadas, a CTFG/CA poderá designar un cotitor. Esta circunstancia deberá ser comunicada á Vicerreitoría con competencias na materia indicando a dedicación do titor e cotitor

11.2 No nomeamento do cotitor terase en conta o determinado no artigo 5 da normativa de Traballos de fin de Grao e Fin de Máster da USC.

Artigo 12. Titorización no caso de intercambios.

No caso de TFG/TFM desenvolto no marco de convenios con empresas ou institucións, ou de intercambio de estudantes, poderá designarse un cotitor que poderá ser persoal dese centro ou institución.

Artigo 13. Tarefas do Titor do TFG/TFM.

Son tarefas do titor do TFG/TFM:

- i) A programación de sesións de traballo cos estudantes nas que se estableza a programación das tarefas a realizar.
- ii) A orientación e temporalización do traballo a realizar polo alumno.
- iii) A emisión dun informe confidencial preceptivo e previo á lectura do TFG/TFM.

Artigo 14. Porcentaxe de participación do cotitor.

No caso de existir un cotitor, presumirase que as tarefas recollidas no parágrafo anterior son realizadas en proporción ás porcentaxes que consten na proposta de nomeamento.

Capítulo 4. Propostas e asignación

Artigo 15. Asignación do TFG/TFM.

A asignación de TFG/TFM poderá ser por solicitude ou directa.

Artigo 16. Asignación por solicitude.

Na asignación por solicitude, o tema e titor do TFG/TFM son asignados pola CTFG/CA, a instancias dos alumnos interesados, de entre os recollidos nunha relación elaborada ao efecto a partir de propostas de temas e titores realizadas polos departamentos [...] que imparten docencia na titulación.

Artigo 17. Propostas de temas e titores.

A Facultade e os Departamentos implicados na docencia do Grao en Física/Máster en Física velarán pola dispoñibilidade de temas e titores para os TFG/TFM correspondentes a cada curso, e pola súa asignación aos estudantes matriculados. A tal fin, a CTFG/CA solicitará coa antelación suficiente dos Departamentos o número que estime necesario de propostas de temas e titores para os TFG/TFM. Unha vez recibidas estas propostas, a Comisión aprobará a lista definitiva de temas de traballo e titores [...].

Artigo 18. Solicitude de asignación.

Para a asignación de TFG/TFM, os alumnos dirixirán á CTFG/CA, no período que se determine, unha solicitude de asignación de TFG/TFM especificando temas por orde de preferencia.

Artigo 19. Asignación dos TFG/TFM.

19.1 A asignación dos TFG/TFM realizarase tendo en conta as preferencias expresadas polos alumnos nas solicitudes de asignación, e seguindo un criterio de prioridade en función do expediente académico de cada solicitante. A Comisión publicará a lista coa asignación dos TFG/TFM nos prazos que se determinen.

19.2 No caso de que houbera estudantes aos que non se lles puidera asignar ningunha das propostas elixidas na súa solicitude, a Comisión publicará unha nova lista cos temas dos TFG/TFM non asignados e solicitará dos estudantes que non teñan asignado TFG/TFM novas propostas nas que conste a orde de preferencia de asignación deses temas.

19.3 Rematado o prazo de presentación de propostas, a CTFG/CA fará pública a nova asignación de temas dos TFG/TFM no prazo de cinco días.

Artigo 20. Asignación directa.

No procedemento de asignación directa, o TFG/TFM asignarase como resultado da proposta conxunta dun estudante que estea matriculado no Grao en Física/Máster en Física e cumpra os requisitos para a matrícula no TFG/TFM, e un membro do PDI con capacidade para exercer o labor de titor de TFG/TFM. Neste caso non será necesario que o estudante faga a solicitude de asignación de TFG/TFM.

Artigo 21. Título e contido do traballo.

21.1 Unha vez asignados os temas e titores do do TFG/TFM, sexa por solicitude ou por asignación directa, os estudantes deberán fixar, xunto co titor correspondente e co cotitor no caso de existir, o título do traballo e delimitar o seu contido.

21.2 Os estudantes deberán, no prazo que se estableza, presentar á CTFG/CA un formulario coa seguinte información:

- Nome do alumno.
- Nome do titor e departamento ó que se atopa adscrito.
- Título do TFG/TFM.
- Breve descrición dos obxectivos e contidos do TFG/TFM.
- Data e firma do titor, cotitor, no caso de existir, e do alumno.

Artigo 22. Prazos para a publicación definitiva dos títulos.

A Comisión aprobará a lista definitiva de títulos dos TFG/TFM e publicaraos nos prazos que se determinen cada curso.

Artigo 23. Modificación ou anulación.

De modo excepcional, o alumno ou titor poderán solicitar a modificación ou anulación da asignación do TFG/TFM mediante escrito razoado remitido á Comisión e presentado no Decanato da Facultade. A Comisión analizará o caso e, se procede, realizará unha nova asignación.

Artigo 24. Garantía de asignación.

A CTFG/CA adoptará as medidas oportunas para garantir que todos os alumnos matriculados poidan ter asignado un tema e un titor de TFG/TFM, así como para que a lista definitiva de asignacións sexa publicada nos prazos establecidos.

Capítulo 5. Tribunais

Artigo 25. Composición dos tribunais.

25.1 Os tribunais encargados de avaliar os TFG/TFM estarán compostos por tres profesores da USC que impartan docencia no Grao en Física/Máster en Física e os seus correspondentes suplentes. Non poderá formar parte dos mesmos nin o titor do traballo nin o cotitor do mesmo en caso de existir.

25.2 Os membros do tribunal dos TFG deberán pertencer a áreas diferentes con docencia no Grao en Física. O presidente deberá ser membro dun dos departamentos adscritos á Facultade e non poderá haber máis de un de departamentos externos á mesma.

25.3 O presidente do Tribunal será o profesor do corpo de maior categoría dos elixidos, e no caso de que dous ou máis pertencen ó mesmo corpo, o de maior antigüidade. Exercerá como secretario o de menor categoría ou, de resultar elixidos dous ou máis do mesmo corpo, o de menor antigüidade.

25.4 A participación nos tribunais é obrigatoria para as persoas nomeadas, agás causa de forza maior debidamente acreditada. Procurarase que a dita participación sexa rotatoria entre todo o PDI [...].

Artigo 26. Nomeamento dos membros dos tribunais.

26.1 Os membros dos tribunais dos TFG e os seus suplentes serán nomeados para cada curso académico polo Decano, que fará a elección por sorteo público.

26.2 Os membros dos tribunais dos TFM e os seus suplentes serán nomeados para cada curso académico pola Comisión Académica.

26.3 Poderá nomearse máis dun tribunal se o número de alumnos matriculados así o aconsella.

Capítulo 6. Entrega, exposición pública e defensa

Artigo 27. Entrega da memoria.

27.1 O alumno deberá entregar unha memoria escrita do seu TFG/TFM e facer unha defensa pública do mesmo nos prazos fixados [...] para cada curso académico.

27.2 A memoria deberá incluír un resumo dun máximo de 300 palabras en galego, castelán e inglés (...) e terá unha extensión máxima de 25 páxinas no caso do TFG e 40 páxinas no caso do TFM.

27.3 A memoria será entregada na secretaría da Facultade de Física xunto cunha copia en formato electrónico, nos prazos que se determinen. [...] A defensa do traballo requirirá o informe previo e preceptivo do titor.

Artigo 28. Autorización da defensa.

A CTFG/CA autorizará as defensas dos traballos e determinará en cada período o calendario e os lugares de celebración das mesmas, así como o tribunal que avaliará cada TFG/TFM. A Facultade disporá os medios necesarios para a defensa do TFG/TFM (aula, medios informáticos, etc) nas datas oficiais indicadas para as exposicións.

Artigo 29. Acto de defensa pública do TFG/TFM.

29. 1 A exposición oral terá unha duración máxima de 15 minutos para os TFG e de 20 minutos para o TFM e terá carácter público. O tribunal poderá formular cantas preguntas considere convenientes e poderá invitar ás deliberacións ao titor e cotitor do traballo e a profesores especializados na materia que se estea a avaliar, en calidade de asesores, con voz pero sen voto.

29. 2 A CTFG/CA poderá autorizar a exposición oral por videoconferencia ou outros procedementos telemáticos a solicitude do alumno cando existan causas xustificadas.

29.3 A elaboración e defensa do traballo poderá efectuarse en calquera das linguas oficiais ou en inglés.

Capítulo 7. Avaliación

Artigo 30. Criterios de avaliación.

Os tribunais avaliarán os traballos de acordo aos seguintes criterios:

- a) Calidade do proxecto e dificultade, cumprimento dos obxectivos propostos e conclusións, adecuación ós contidos do título, etc.
- b) Presentación da memoria escrita, estrutura, completitude, corrección, bibliografía, etc.
- c) Exposición oral, claridade, concisión, respostas ás preguntas formuladas, etc.

Para establecer a cualificación global do alumno, os tribunais poderán considerar os informes emitidos polos titores dos ditos traballos.

Artigo 31. Cualificacións.

31.1 As cualificacións faranse públicas nos taboleiros oficiais de cualificacións do grao nun prazo non superior a sete días dende a exposición dos traballos.

31.2 Os TFG/TFM deberán ser cualificados conforme ó establecido nas normas de Xestión Académica e terán as seguintes cualificacións:

Non Presentado (NP)
0.0-4.9 Suspenso (SS)
5.0-6.9 Aprobado (AP)
7.0-8.9 Notable (NT)
9.0-10 Sobresaliente (SB)

31.3 Os estudantes terán dereito á revisión da súa cualificación de acordo coa normativa da USC.

Artigo 32. Matrículas de Honra.

32.1 Unha vez rematadas as defensas de todos os traballos correspondentes ao curso académico, e tendo en conta os traballos presentados, poderá outorgarse a mención de "Matrícula de Honra" a aqueles traballos que obtiveran unha cualificación igual ou superior a 9,0, sen que o número de matrículas de honra poida exceder do 5% do alumnado matriculado no correspondente curso académico. Se o número de alumnos fose inferior a 20, poderase outorgar unha matrícula de honra.

32.2 De constituirse un único tribunal en todas as convocatorias, será este tribunal o que outorgue as matrículas de honra que correspondan.

32.3 Cando se constituán dous ou máis tribunais avaliadores, a atribución desta cualificación corresponderá realizala á CTFG/CA, oídas as propostas dos diferentes tribunais actuantes.

Capítulo 8. Actas

Artigo 33. Elaboración e sinatura das actas.

33.1 Elaborarase un acta individual por cada alumno e traballo e para cada oportunidade na que constará o titor académico ou cotitor, o tribunal cualificador e o título do traballo defendido, así como a súa cualificación e a data de defensa.

33.2 As actas estarán asinadas polos membros do tribunal. En caso de non poder asinar a acta por algún dos membros que realizaron a avaliación, porase en coñecemento da Secretaría Xeral e será substituído polo coordinador do TFG/TFM. No caso de imposibilidade deste substituírse polo profesor que designe a Secretaría Xeral. En todos os casos farase constar dita incidencia.

Artigo 34. Períodos de sinatura de actas.

Os períodos de cobertura de actas serán os que se fixen no calendario académico oficial.

Artigo 35. Alumnos non presentados.

Os alumnado matriculado que non se presentase en ningunha das oportunidades, figurarán na acta consolidada coa mención "non presentado" [...]. Nesta edición da acta tamén se incorporarán as mencións de matrículas de honra.

Capítulo 9. Propiedade intelectual

Artigo 36. Dereitos dos TFG/TFM.

A propiedade intelectual do TFG/TFM correspóndelle ao alumno que o realizou. No caso de realizarse o TFG/TFM no marco dun contrato ou convenio con algunha entidade, ou de ser o caso, dun proxecto ou liña de investigación, os dereitos do TFG/TFM serán os recollidos en dito contrato ou convenio ou os que se pacten previamente, respectando en todo caso a lexislación vixente en materia de propiedade intelectual ou industrial.

Artigo 37. Copias e uso dos TFG/TFM.

Unha copia electrónica e/ou en papel dos traballos superados quedará na Facultade para o seu arquivo e consulta, e poderán ser utilizados na USC para usos académicos e de investigación, sempre coa mención específica ós seus autores. Para estes efectos o alumnado asignará a correspondente autorización de difusión e a declaración de que se trata dun traballo orixinal.

Disposicións finais

1. Todos os prazos establecidos no presente regulamento entenderanse referidos a días lectivos.
2. A orde de prelación entre os corpos docentes e o cómputo da antigüidade serán os establecidos nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.
3. Este regulamento entrará en vigor no curso 2017-2018.